

Noutras comunidades autónomas ocorre que, ao non se considerar a educación infantil obrigatoria, a escolarización dos nenos deste ciclo depende dos concellos.

Como consecuencia da aplicación estrita do indicado, moitos centros de educación infantil non se poden acoller a este programa de axudas comunitarias.

Sen prexuízo da directa aplicación das disposicións do Regulamento (CE) n.º 2707/2000, en que non se especifica que tipo de autoridade competente é a que ten que autorizar os centros que, como consecuencia da aplicación estrita do regulado no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, non poden solicitar a axuda, e para que poidan acceder a esta, resulta conveniente a modificación do Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, no relativo ás autoridades responsables da autorización dos centros de ensino.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.*

O punto 1 do artigo 2 do Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Serán beneficiarios da axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros ou establecementos escolares, recoñecidos polas autoridades competentes, dos seguintes niveis de ensino:

- a) Educación infantil, incluídos os xardíns de infancia ou gardarías e outros establecementos de educación preescolar.
- b) Educación primaria.
- c) Educación secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio.
- d) Educación especial.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Dado en Madrid o 18 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,

MIGUEL ARIAS CAÑETE

XEFATURA DO ESTADO

5915 *CORRECCIÓN de erros da Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal. («BOE» 80, do 2-4-2004.)*

Advertido erro na Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 15, do 1 de decembro de 2003, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2601, punto centésimo sesaxésimo terceiro, primeira columna, o encabezamento do punto será o seguinte:

«Centésimo sesaxésimo terceiro: Modifícanse os números 4.º e 5.º do artigo 611, que quedan redactados como segue:

- 4.º Deporte, traslade (...)
- 5.º Traslade e asente (...)

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5921 *REAL DECRETO 498/2004, do 1 de abril, polo que se modifica o Real decreto 137/2002, do 1 de febreiro, polo que se establecen medidas de apoio a armadores e tripulantes da frota pesqueira afectada pola finalización do Acordo de Pesca entre a Unión Europea e o Reino de Marrocos. («BOE» 80, do 2-4-2004.)*

No Regulamento (CE) n.º 2561/2001 do Consello, do 17 de decembro de 2001, polo que se fomenta a reconversión dos buques e os pescadores dependentes ata 1999 do Acordo de Pesca con Marrocos, aprobáronse excepcións a varias disposicións do Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca.

Estas excepcións aplicábanse a determinadas categorías de primas e axudas públicas con respecto ás cales a decisión administrativa de concedelas se tomase entre o 1 de xullo de 2001 e o 30 de xuño de 2003.

Mediante o mesmo regulamento estableceuse unha medida específica destinada a completar as medidas desenvolvidas no contexto dos fondos estruturais nos Estados membros afectados pola non-renovación do acordo.

Existen pescadores afectados pola non-renovación dese acordo de pesca que perderon emprego como consecuencia dunha reorientación da actividade pesqueira dos seus buques e que se encontran na mesma situación que os pescadores dos buques cuxa actividade pesqueira se paralizou definitivamente. Para que o trato dado a todos os pescadores sexa equitativo, convén establecer excepcións ás disposicións que supeditan a concesión das primas globais individuais á paralización definitiva